

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.

MLA/rdi

Refº: DECRETO APROBACION SOFTWARE CONEXIÓN ERP á DXT 10 FEESL13

Asunto:

DECRETO NUMERO 107/2010 DO LIBRO DE RESOLUCIÓNS EN MATERIA DE CONTRATACIÓN E PATRIMONIO DICTADO POLA TENENTA DE ALCALDE DELEGADA DE ÁREA.

Ilma. Sra. Dona Sonia Méndez García, Tenente de Alcalde Delegada da Área de Economía e Emprego.

Lugo, 12 de marzo de 2010.

ASUNTO: EXTENSION DE BANDA ANCHA MEDIANTE TECONOLOXÍAS WIMAX/WIFI EN ZONAS RURAIS DO MUNICIPIO DE LUGO – FASE II (10 FEESL 14) . APROBACIÓN DOS PREGOS DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS E DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES, ASÍ COMO DO GASTO E A ADXUDICACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO E TRAMITACION URGENTE. APERTURA DO PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN.

Examinado o expediente e visto:

1.- Informe proposta do Servizo de Contratacion, Patrimonio e Fomento, do día 11 de marzo de 2010, que na parte expositiva establece:

“ANTECEDENTES

I.- Solicitud de financiación relativa ó proxecto **“EXTENSION DE BANDA ANCHA MEDIANTE TECONOLOXÍAS WIMAX/WIFI EN ZONAS RURAIS DO MUNICIPIO DE LUGO – FASE II (10 FEESL 14)** por un importe total de 200.000 euros.

II.- Resolucion da Secretaría de Estado de Cooperacion Territorial publicada en data 12 de febreiro de 2010 pola que se aproba a realización do dito proxecto con cargo ó Fondo Estatal para o Emprego e a Sostenibilidade Local creado por Real Decreto –Lei 13/2009 de 26 de outubro.

III.- Prego de especificación técnicas que rexeran a contratacion da extension de banda ancha mediante tecnoloxías WiMax/WiFi en zonas rurais do municipio de Lugo – Fase II elaborado polo técnico do servizo de informática.

IV.- Informe de Intervención de data 24 de febreiro de 2010 no que se pon de manifesto, entre outros aspectos, a existencia de crédito adecuado e suficiente na

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.

MLA/rdi

Refº: DECRETO APROBACION SOFTWARE CONEXIÓN ERP á DXT 10 FEESL13

Asunto:

aplicación orzamentaria 49100.62300 do Presuposto de 2010 para a cantidade de 200.000 euros.

VI. Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá na contratación da subministración de referencia redactado polo servizo de contratación do Concello con data 11 de marzo de 2010.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (LCSP).
- Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP).
- Real Decreto 817/2009 de 8 de maio polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007 de 30 de outubro de Contratos do Sector Público.
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRJPAC).
- Real Decreto-Lei 13/2009, de 26 de outubro polo que se crea o Fondo Estatal para o Emprego e a Sostenibilidade Local.
- Resolución de 2 de novembro de 2009 da Secretaría de Estado de Cooperación Territorial (B.O.E 3 de novembro de 2009)
- Calquera outras disposicións legais vixentes que lles sexan de aplicación ás corporacións locais.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Primeira. O presente contrato pode ser cualificado como un contrato de subministración , recollido e regulado no artigo 12 da LCSP e que ten por obxecto a extensión de banda ancha mediante tecnoloxías WiMax/WiFi en zonas rurais do municipio de Lugo – Fase II.

Segunda. O prego de condicións elaborado para disciplinar a licitación e o contrato recolle as esixencias legais sinaladas e adáptase á normativa aplicable. Contén, con carácter xeral, os aspectos que son de contido obrigatorio, segundo

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.

MLA/rdi

Ref#: DECRETO APROBACION SOFTWARE CONEXIÓN ERP á DXT 10 FEESL13

Asunto:

o disposto nos artigos 99 da LCSP e 67.3 do RXLCAP, salvo os que non son procedentes tendo en conta a modalidade de contrato elixida.

O procedemento de adxudicación elixido é o aberto, previsto e regulado polos artigos 122, 141 e seguintes da LCSP. No prego de cláusulas administrativas particulares determinanse os criterios de adxudicación e aspectos económicos e técnicos, os cales respectan, a criterio deste servizo, os principios de obxectividade e proporcionalidade esixidos pola LCSP.

Terceira.- De conformidade co artigo 17 do Real Decreto-Ley 13/2009 a contratación dos servizos financiados ó abeiro do dito real Decreto-Ley terán a consideración de urxente ós efectos previstos no artigo 96 da LCSP.

Cuarta.- En canto ó órgano municipal competente para aprobar o expediente da contratación de referencia, de acordo 14/113 da Xunta de Goberno Local de data 17 de febreiro de 2010 é competente a Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Economía e emprego, por delegación da Xunta de Goberno Local para a aprobación de proxectos de obras, os seus modificados, reformados e complementarios, expedientes de contratación de obras, subministracións e servizos que se inclúan no Fondo estatal para o emprego e a sostenibilidade local , autorizacións e compromisos de gastos, adxudicacións provisionais e definitivas.”

2.- Informe da Asesoría Xurídica do día 11 de marzo de 2010, mediante o cal presta a súa conformidade ó anterior informe proposta.

3.- Informe da Intervención Municipal, do día 12 de marzo de 2009 relativo á fiscalización da fase de autorización do gasto do presente expediente.

Por todo o anteriormente, e no uso das atribución conferidas á Tenenta de Alcalde Delegada da área de economía e emprego en virtude do acordo 14/113 da Xunta de Goberno Local, RESOLVO:

PRIMEIRO. Aprobar a contratación **DA EXTENSION DE BANDA ANCHA MEDIANTE TECNOLOXÍAS WIMAX/WIFI EN ZONAS RURAIS DO MUNICIPIO DE LUGO – FASE II (10 FEESL 14)** así como a aplicación da tramitación de urxencia ó procedemento.

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.

MLA/rdi

Refº: DECRETO APROBACION SOFTWARE CONEXIÓN ERP á DXT 10 FEESL13

Asunto:

SEGUNDO. Aprobar o prego de prescripcóns técnicas así como o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerán na licitación sinalada no parágrafo anterior, do seguinte teor literal:

PREGO DE PRESCRIPCIÓNS TÉCNICAS QUE REXIRÁ A CONTRATACIÓN DA EXTENSIÓN DE BANDA ANCHA MEDIANTE TECNOLOGÍAS WIMAX/WIFI EN ZONAS RURAIS DO MUNICIPIO DE LUGO – FASE II.

INTRODUCCION

O municipio de Lugo, cunha superficie de 332 km², conta cun total de 71 núcleos de poboación establecidos e 285 localizacións diseminadas, o que fala da grande dispersión de poboación existente no seu territorio, e da importancia do medio rural (o 80% do municipio de Lugo distribúese entre 54 zonas rurais). Segundo datos do INE 2007, a poboación do municipio de Lugo é de 93.853 habitantes, o que a sitúa como a cuarta cidade de Galicia

No período 2007-2008, o Concello de Lugo, con financiamento dun proxecto Interreg IIIA aborda o desenvolvemento dun proxecto de extensión de tecnoloxía inarámica WiMAX/WiFi que afecta ao parque empresarial de O Ceao, para a instalación de Videovixancia (Proxecto PARQUE). Trátase dun proxecto piloto para dotar de novos servizos a seis parques empresariais de Galicia e Norte de Portugal, potenciando a creación de polos de atracción de novos investimentos empresariais, así como a mellora competitiva das empresas xa instaladas. A finalidade é trazar un modelo sostible para a modernización dos parques empresariais, incidindo sobre os factores críticos que condicionan a competitividade empresarial.

Dentro deste proxecto instaláronse dous puntos de información con conectividade de banda ancha a través da tecnoloxía WiMAX para facilitar a búsqueda de información aos visitantes do polígono do CEAO (situación de naves, acceso, noticias,...) e quince puntos de conectividade de banda ancha WiMAX para prover de conectividade a unha rede de videovixancia constituída por quince pares de cámaras con dispositivos de lecturas de matriculas.

Este proxecto piloto, realizado polo Concello de Lugo, postúlase como un exercicio no cal se dan as maiores dificultades técnicas, ademais de servir de estudo de cales son as infraestructuras tecnolóxicas necesarias para dar cobertura de Internet e cales son os servizos de mantemento necesarios para que este servizo sexa subministrado sen ningún tipo de problema para os cidadáns.

O Concello de Lugo está plenamente envorcado en eliminar calquera tipo de barreira tecnolóxica e xeográfica que poida presentarse entre a poboación do municipio, eliminando distancias físicas e sociais. Para alcanzar este propósito

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.

MLA/rdi

Refº: DECRETO APROBACION SOFTWARE CONEXIÓN ERP á DXT 10 FEESL13

Asunto:

de eliminación de barreiras tecnolóxicas é necesaria a ruptura da desigualdade de infraestructuras de comunicación e posibilidades de acceso ás novas tecnoloxías entre zonas urbanas e rurais. Como paso previo e necesario, requírese da dotación ás áreas rurais do municipio de Lugo, como zonas máis desfavorecidas, de zonas de acceso a banda ancha, de modo que tanto os cidadáns como as empresas do municipio dispoñan de tecnoloxía e redes de telecomunicación de doado acceso e de calidade para o seu propio uso. Espera, polo tanto, que Internet se converta nun novo medio de comunicación ao que *TODOS os* cidadáns do municipio teñan acceso.

Este proxecto piloto desenvolve actuacións estratéxicas cara a introducción e maduración da tecnoloxía inarámica WiMAX/WiFi no ámbito rural do municipio de Lugo, co obxectivo de dinamizar e xeneralizar o uso de Internet nestas zonas rurais. Deste modo, aproxímase a integración dos cidadáns na Sociedade da Información e promóvese a xeneralización do uso das Tecnoloxías da Información e as Comunicacions (TIC). Trátase, pois dun proxecto piloto de Servizo de Conectividade WiMAX/WiFi que pon a disposición dos usuarios finais da zona rural, a infraestructura necesaria para ofrecer conectividade a Internet.

Coa execución desta actuación búscase facer das TIC unha ferramenta para o desenvolvemento humano sostible, de modo que todas as zonas municipais do Concello de Lugo se vexan beneficiadas mediante a facilidade de acceso a Internet e a Sociedade da Información coa extensión de infraestructura tecnolóxica de Banda Ancha. Así mesmo, coa posta en marcha deste piloto, obteranse datos significativos sobre a necesidade de conexión para a poboación residente na zona rural, ademais de analizar cales son as incidencias que poden xurdir durante o servizo desta tecnoloxía, e as tarefas de mantemento necesarias para ofrecer un servizo completo e eficaz.

Baseándose nesta experiencia, o Concello de Lugo formúlase a necesidade de facer extensible esta solución de conectividade inarámica ao resto do territorio do municipio de Lugo en todo o seu ámbito rural. No 2010 estase a poñer en marcha un proxecto que se presenta como unha solución técnica para a provisión dun servizo de acceso de Banda Ancha a Internet mediante tecnoloxía WiMAX/WiFi, en oito escolas rurais do Concello de Lugo. Nesta segunda fase preténdese ampliar esta conexión ao resto das escolas rurais do Concello.

Os **obxectivos específicos** que se pretenden conseguir con este proxecto son:

- Desenvolvemento de experiencias innovadoras e demostradoras, dirixidas á incorporación dos cidadáns de zonas rurais e illadas á Sociedade da información
- Poñer a disposición do total da poboación do municipio de Lugo, as ferramentas, os medios e o coñecemento necesario para o acceso ás

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.

MLA/rdi

Refº: DECRETO APROBACION SOFTWARE CONEXIÓN ERP á DXT 10 FEESL13

Asunto:

tecnoloxías de información e comunicación como motor de desenvolvemento e progreso.

- Estender o uso das Novas Tecnoloxías e Sociedade da Información a todos os cidadáns para superar a denominada "brecha dixital".
- Asegurar a calidade, fiabilidade e dispoñibilidade das aplicacións multimedia en ámbitos tan agresivos como as zonas rurais illadas, en condicións técnicas similares ás zonas urbanas.
- Desenvolvemento no ámbito tecnolóxico da poboación das zonas rurais, o cal representa un novo medio de comunicación ao que non todos teñen acceso.
- Familiarizar e estender o uso das novas tecnoloxías entre os colectivos das zonas rurais a través de accións formativas de alfabetización dixital.
- Impulsar a participación e fidelización dos cidadáns na rede, co fin de promover a incorporación das TIC e o acceso a Internet nos seus fogares.

DESCRIPCIÓN DO OBXECTO DO CONTRATO

O presente Prego ten por obxecto o despregue, posta en marcha de banda ancha WiMAX, que proporcionará cobertura inarámica a antigas escolas rurais de titularidade municipal en zonas rurais do municipio de Lugo, respondendo así os obxectivos do Concello de Lugo de favorecer o desenvolvemento e incorporación das tecnoloxías da información e comunicación (TIC) en ámbitos rurais. Así mesmo inclúese o despregue, posta en marcha e mantemento dunha rede de banda ancha WiFi limitada ao interior das escolas.

Coa implantación do proxecto asegúrase a calidade, fiabilidade e dispoñibilidade das aplicacións multimedia en entornas pouco interesantes para os operadores tradicionais coma as zonas rurais illadas, en condicións técnicas similares ás zonas urbanas.


Citaranse neste Prego as escolas rurais obxectivo da proposta, e o oferente detallará na súa proposta a cantos destes emprazamentos dará cobertura.

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.

MLA/rdi

Refº: DECRETO APROBACION SOFTWARE CONEXIÓN ERP á DXT 10 FEESL13

Asunto:



O proxecto contará coas seguintes fases:

1. Elaboración dun Plan de Nominal para o despregamento dunha rede multiservizo de banda ancha inarámica WiMAX/WiFi nas zonas rurais do Municipio de Lugo, que chega en primeiro lugar, as Escolas Rurais Municipais, moitas delas constituídas como centros para asociacións veciñais e/ou como centros de día.
2. Implantación dunha rede de acceso (rede de Backbone) inarámica baseada en tecnoloxía WiMAX/WiFi nas zonas rurais que permita aos cidadáns incorporarse á Sociedade da Información, a través dos centros das Escolas Rurais Municipais.

ALCANCE DA CONTRATACIÓN.

O presente prego contempla a subministración e instalación do equipamento necesario para o correcto funcionamento en distintas zonas rurais do municipio lucense dunha rede inarámica WiMAX/WiFi.

Darase cobertura a os colexios ou locais sociais, podendo aproveitar as instalacións despregadas tanto na torre de Bombeiros como no parque

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.

MLA/rdi

Refº: DECRETO APROBACION SOFTWARE CONEXIÓN ERP á DXT 10 FEESL13

Asunto:

empresarial do Polígono de CEAO de Lugo implantada a través do programa Interreg IIIA, proxecto PARQUE, así como a infraestrutura despregada na primeira fase da extensión da Banda ancha mediante tecnoloxías WIMAX/WIFI a oito escolas do municipio. Valorarase a cobertura ó maior número de emprazamentos posible, dentro dos sinalados no presente Prego.

O oferente, deberá dotar a súa proposta dos seguintes aspectos:

- Subministro do equipamento necesario para a cobertura do maior número de emprazamentos baixo a tecnoloxía WiMAX.
- Configuración do equipamento, de maneira que a rede sexa funcional, baixo os criterios establecidos neste prego.
- Instalación en lugares definitivos deste equipamento, incluíndo o transporte, colocación, e posta en marcha.
- Subministro de equipamento de acceso á rede WiFi no interior das escolas.
- Instalación en lugares definitivos destes puntos de acceso á rede WiFi, incluíndo o transporte, colocación e posta en marcha.
- Subministro e instalación dun mínimo de catro ordenadores por cada unha das escolas, cumprindo os requisitos mínimos que a continuación se detallan, incluíndo o transporte, colocación, e posta en marcha.
- Conexiónado eléctrico necesario para alimentación e protección eléctrica de todo o equipamento incluído neste prego técnico, incluíndo tódolos medios técnicos (cableados e dispositivos de protección) necesarios. O Concello facilitará o subministro eléctrico e os puntos de conexión nas ubicacións finalmente seleccionadas (nos colexios).
- Subministro e instalación dun armario ou rack de parede de 19', onde deberá rematar (alimentación e conexión á rede) todo o equipamento subministrado.

Aproveitando as instalacións despregadas tanto na torre de Bombeiros como no parque empresarial do Polígono de CEAO de Lugo implantada a través do programa Interreg IIIA, proxecto PARQUE, así como a infraestrutura despregada na primeira fase da extensión da Banda ancha mediante tecnoloxías WIMAX/WIFI a oito escolas do municipio, e coa experiencia adquirida no proxecto, preténdese dar servizo mediante radioenlaces WiMAX/WiFi, situados en puntos altos da zona rural (situacións onde o Concello dispón de instalacións de antenas para a TDT e Tv, como e no caso de Poutomillos, ou no caso de Retegal que dispón dunha torre de comunicacións en solo municipal no monte Penarrubia), a 24 antigas Escolas Rurais Municipais, para o acceso a Internet destes centros rurais de acceso TIC, que estarán equipados cunha pequena rede LAN formada por un numero variable de ordenadores.

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.

MLA/rdi

Refº: DECRETO APROBACION SOFTWARE CONEXIÓN ERP á DXT 10 FEESL13

Asunto:

Para o despregue da infraestrutura de rede inalámbrica WIMAX poderanse utilizar medios de terceiros (Retegal, Operadores de Telefonía, Compañías de Radio e Televisión, etc), alleos ao Concello de Lugo. O oferente estará autorizado a negociar, en nome do Concello de Lugo, o custo de esta utilización de infraestruturas de terceiros. Nas ofertas deberá detallarse este custo nos vindeiros dez anos, e no importe ofertado deberá incluírse o custo no prazo de execución do contrato.

O sistema Wi-Fi a implantar para a cobertura no interior das escolas, deberá ser unha rede multiservizo de acceso inarámico totalmente baseada na tecnoloxía IP polo que se integra de forma rápida e eficaz dentro de calquera arquitectura de rede actual, restrinxida ao interior da escola. A arquitectura de rede inarámica será Punto-a-MultiPunto PTMP, de maneira que se despregasen redes Wifi, unha por cada escola rural con conectividade. Esta arquitectura de rede inarámica permitirá a xestión, administración e configuración remota de forma segura tanto dos equipos coma dos clientes finais da rede, permitindo ao mesmo tempo a monitorización e a supervisión da rede, dos seus clientes e dos seus logs (rexistros).

A solución inarámica multiservizo ten a capacidade de ofrecer múltiples servizos ademais do acceso a Internet, baseándose nas categorías de acceso do Wi-Fi Multimedia (WMM) que permite aos puntos de acceso da rede e finais distinguir entre diferentes aplicacións dentro dun ancho de banda, priorizar e mapeando o tráfico desas aplicacións de forma distinta. Ademais é doadamente escalable e adecúase de forma rápida e económica a futuras necesidades que poidan xurdir en aspectos de cobertura, redundancia, capacidade ou de servizos que poidan demandar os clientes e o mercado.

A arquitectura WiMAX/WiFi a implementar separa a rede en dúas partes ben diferenciadas, unha parte de xestión e interconexión dos diferentes servizos a ofrecer e outra parte de enlace e acceso inarámico de banda ancha.

Disporase dun sistema de xestión para o equipamento WiMAX/WiFi, así como para os seus clientes. O sistema utiliza información de xestión que pode ser monitorizada polo servidor. A información de xestión básica utilizada polo sistema obtena mediante o protocolo SNMP, mediante as MIBs estándar o por calquera outro sistema que garantide a monitorización.

Disporase dun sistema de autenticación para o acceso á rede WiFi no interior das escolas. Este sistema deberá integrarse no que actualmente funciona no resto de redes WiFi do Concello de Lugo, mediante un sistema de Portal Cativo autenticando a los usuarios contra un servidor Radius.

Para implantar redes ou infraestruturas inarámicas é imprescindible realizar un traballo de planificación e deseño previo, para o cal han de terse en conta os seguintes factores:

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.

MLA/rdi

Ref#: DECRETO APROBACION SOFTWARE CONEXIÓN ERP á DXT 10 FEESL13

Asunto:

- ✓ O tipo de topoloxía de rede a implantar
- ✓ A situación ideal dos puntos de acceso tendo en conta os requisitos do ancho de banda (capacidade), as condicións ambientais (aire libre, edificio, materiais de construción) ou a infraestrutura existente.
- ✓ As frecuencias que se van utilizar tendo en conta factores como as interferencias ou o número de WLAN "paralelas"
- ✓ O nivel de seguridade axeitado.

INFRAESTRUCTURA DA REDE INALÁMBRICA (WiMAX/WiFi).

4.1.- Características xerais da infraestrutura de rede.

Considerando o obxectivo da rede, empregaranse Bandas de Libre uso do espectro. De acordo coa regulación española ó efecto, para o uso en exteriores só se permite a difusión sen licenza e sen permiso en 2 bandas do espectro:

- **Banda ISM (de 2,4000 a 2,4835 Mhz).** Representa un ancho de banda de 83,5 Mhz no que se permite unha potencia radiada máxima efectiva isotrópica (PIRE) de 100 milivatios. Os estándares máis coñecidos que utilizan esta banda son o IEEE 802.11b e o 802.11g, aínda que tamén existen solucións non estandarizadas de elevada eficiencia.
- **Banda alta dos 5 Ghz (de 5,470 a 5,725 Ghz).** Estes 255 Mhz facilitan a planificación de frecuencias. O PIRE permitido pola regulación nacional é de 1 vatio sempre que se utilicen os mecanismos de control DFS e ATPC. As tecnoloxías WiMAX e WiFi (IEEE802.11a) utilizan esta banda de frecuencia.

En todo caso os equipos a utilizar nesta infraestrutura acolleranse ás normativas ditadas pola regulación española vixente.

Polo tanto, o sistema a implementar será unha rede de acceso sen fíos WiMAX/WiFi, que se interconectará coa rede de xestión e servizos, sita nos servidores do Concello de Lugo.

A xestión e monitorización dos distintos dispositivos da rede de Backbone deberá de poder realizarse a través de tres mecanismos de xestión:

- Xestión Web de forma local. Utilizada para configurar sistemas e redes pequenas. Este mecanismo pode ser utilizado grazas ó servidor web que deben levar incorporados os equipos.
- Xestión remota mediante calquera sistema de xestión que utilice o protocolo SNMP, mediante o uso das MIBs estándares.
- Xestión de rede mediante un sistema de xestión centralizado. O sistema utiliza información de xestión que pode ser monitorizada polo servidor. A información de xestión utilizada polo sistema a obtén mediante o protocolo SNMP.

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.

MLA/rdi

Refº: DECRETO APROBACION SOFTWARE CONEXIÓN ERP á DXT 10 FEESL13

Asunto:

A solución proposta deberá garantir a capacidade de ofrecer múltiples servizos ademais do acceso a Internet.

Finalmente, a solución proposta deberá ser doadamente escalable co fin de adecuarse de forma rápida e económica a futuras necesidades que poidan xurdir, tanto en aspectos de cobertura, redundancia, capacidade ou de servizos que poidan demandar os usuarios e o mercado.

4.2.- Puntos obxecto da proposta.

A continuación citaranse as escolas obxecto desta proposta, ós que se pretende dar cobertura. O oferente deberá elixir cales de estes puntos conecta mediante esta tecnoloxía, e poderá utilízalos para estendela rede implementando novas estacións base, do xeito que crea máis conveniente.

4.2.1.- Colexios obxecto da proposta:

CENTRO	COORDENADAS		ALTITUD
	UTM	GEO	
ADAI	X 614408 Y 4764669	LAT 43° 1' 31'' LONG 7° 35' 45''	425m
BARBAIN	X 621110 Y 4762533	LAT 43° 0' 18'' LONG 7° 30' 50''	425m
BASCUAS	X 626114 Y 4764252	LAT 43° 1' 10'' LONG 7° 27' 8''	510m
BENADE	X 620906 Y 4769743	LAT 43° 4' 11'' LONG 7° 30' 54''	425m
BOCAMAOS	X 613173 Y 4766489	LAT 43° 2' 30'' LONG 7° 36' 38''	455m
BURGO	X 610505 Y 4758472	LAT 42° 58' 12'' LONG 7° 38' 41''	530m
CAMOIRA	X 608812 Y 4766844	LAT 43° 2' 44'' LONG 7° 39' 50''	480m
CARBALLIDO (FAZAI)	X 623191 Y 4763944	LAT 43° 1' 2'' LONG 7° 29' 17''	480m
COEO	X 624750 Y 4759407	LAT 42° 58' 34'' LONG 7° 28' 12''	440m
CUIÑA	X 619207 Y 4759632	LAT 42° 58' 45'' LONG 7° 32' 16''	440m
MEILÁN	X 615241 Y 4764697	LAT 43° 1' 31'' LONG 7° 35' 8''	370m
PEDREDA	X 621381	LAT 43° 2' 14''	500m

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.

MLA/rdi

Refº: DECRETO APROBACION SOFTWARE CONEXIÓN ERP á DXT 10 FEESL13

Asunto:

	Y 4766113	LONG 7° 30' 35''	
PIAS	X 617027 Y 4768927	LAT 43° 3' 47'' LONG 7° 33' 46''	475m
PIUGOS	X 616848 Y 4760825	LAT 42° 59' 25'' LONG 7° 34' 0''	435m
POUTOMILLOS	X 608787 Y 4758057	LAT 42° 57' 59'' LONG 7° 39' 58''	545m
RIBAS DE MIÑO	X 619931 Y 4752836	LAT 42° 55' 4'' LONG 7° 31' 50''	580m
ROMEAN	X 628341 Y 4762989	LAT 43° 0' 28'' LONG 7° 25' 31''	485m
RUBIAS	X 622333 Y 4769006	LAT 43° 3' 47'' LONG 7° 29' 51''	505m
SAA	X 616580 Y 4755530	LAT 42° 56' 33'' LONG 7° 34' 16''	515m
SAN ROMAN DE SANTA CRISTINA	X 616797 Y 4750238	LAT 42° 53' 42'' LONG 7° 34' 10''	535m
SAN XOAN DO ALTO	X 612988 Y 4760182	LAT 42° 59' 6'' LONG 7° 36' 51''	520m
SANTA MARÍA ALTA	X 610038 Y 4763203	LAT 43° 0' 45'' LONG 7° 38' 59''	455m
TEIXEIRO	X 623713 Y 4771554	LAT 43° 5' 9'' LONG 7° 28' 48''	475m
VILACHÁ DE MERA	X 609328 Y 4761178	LAT 42° 59' 71'' LONG 7° 39' 31''	505m

4.3.- Infraestrutura e Dimensionamento do sistema WiMAX/WiFi Fixo.

A rede WiMAX/WiFi despregada, poderá utilizar as infraestruturas de obra civil ou equipamento de o polígono de O Ceao, utilizando a estación base modular da Torre de Bombeiros próxima ó CEI, así como a infraestrutura despregada na primeira fase da extensión da Banda ancha mediante tecnoloxías WIMAX/WIFI a oito escolas do municipio. Neste punto xa existe a conectividade necesaria coa rede de comunicacións do edificio de CEI para acceder ós distintos servizos da rede.

A dita instalación actual, poderá ampliarse ou suplementarse coas antenas a puntos de acceso necesarios para a ampliación da rede, hasta os puntos anteriormente citados.

Así mesmo, poderán utilizarse calquera das dependencias municipais que dispoñan de conexión mediante fibra óptica coa rede do Concello.

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.

MLA/rdi

Refº: DECRETO APROBACION SOFTWARE CONEXIÓN ERP á DXT 10 FEESL13

Asunto:

4.3.1.- Estacións Base WiMAX/WiFi**Situación:**

As dependencias Municipais que poderán ser empregadas para o despregue da rede son:

CENTRO	COORDENADAS		ALTITUD
	UTM	GEO	
Torre de Bombeiros (Avda. da Coruña, 490)	X 616481 Y 4765663	LAT 43° 2' 0'' LONG 7° 34' 9''	475m
Centro de Servizo Municipais (Ronda da Muralla, 197)	X 617811 Y 4762978	LAT 43° 0' 34'' LONG 7° 33' 16''	460m
Centro de convivencia Maruja Mallo (Carril das Hortas)	X 618267 Y 4763300	LAT 43° 0' 44'' LONG 7° 32' 55''	435m
Centro Social da Milagrosa (Rúa Monte Faro, 10)	X 617226 Y 4764585	LAT 43° 1' 26'' LONG 7° 33' 40''	455m
Centro Social de Fingoi (Rúa Aviación Española, 22-24)	X 617963 Y 4761879	LAT 42° 59' 58'' LONG 7° 33' 10''	455m
Centro Social Uxío Novoneyra (Rúa Quiroga, 1)	X 617605 Y 4763368	LAT 43° 0' 47'' LONG 7° 33' 24''	460m

Así mesmo, poderán empregarse as ubicacións obxecto de primeira fase da Extensión da Banda Ancha mediante tecnoloxías WiMax/WiFi en Zonas rurais do Concello de Lugo. Estas son:

CENTRO	COORDENADAS		ALTITUD
	UTM	GEO	
CALDE	X 612784 Y 4756772	LAT 42° 57' 16'' LONG 7° 37' 54''	590m
CASTELO	X 619802 Y 4763513	LAT 43° 0' 50'' LONG 7° 31' 47''	460m
COESES	X 620028 Y 4756185	LAT 42° 56' 53'' LONG 7° 31' 43''	470m
SAN PEDRO DE MERA	X 604742 Y 4757650	LAT 42° 57' 48'' LONG 7° 42' 56''	580m
SAN XOAN DO CAMPO	X 616893 Y 4753294	LAT 42° 55' 21'' LONG 7° 34' 3''	550m
SANTA COMBA	X 622599	LAT 42° 57' 16''	460m

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.

MLA/rdi

Refº: DECRETO APROBACION SOFTWARE CONEXIÓN ERP á DXT 10 FEESL13

Asunto:

	Y 4756951	LONG 7° 29' 49''	
SANTA MARÍA DE BÓVEDA	X 623214 Y 4761779	LAT 42° 59' 56'' LONG 7° 29' 18''	480m
VERAL	X 612885 Y 4761330	LAT 42° 59' 43'' LONG 7° 36' 54''	430m

Cobertura e Capacidade:

Os módulos de antenas proporcionarán cobertura WiMAX/WiFi cunha alta redundancia. Cada escola deberá alcanzar taxas de transmisión de 2Mbps real e simétrico, cun factor de simultaneidade que debe ser do 100% xa que os usuarios das distintas escolas rurais, deben poder estar conectados ó mesmo tempo e de forma continuada.

4.3.2.- Equipos Cliente WiMAX/WiFi (Subscritores)

Situación:

Os adaptadores residirán nos Puntos ós que se pretende dar cobertura para dotar de conectividade a estes podendo ir fixados a un pequeno mastro. Tanto o cableado eléctrico como o cableado de rede necesario será subministrado polo oferente na súa proposta. Dado que dito equipo cliente constará dunha antena integrada, o equipo irá orientado cara a estación base WiMAX/WiFi adecuada para unha óptima recepción do sinal.

4.3.3.- Xestión WiMAX/WiFi

O xestor de rede será un Sistema de Xestión de rede baseado en WEB coa topoloxía cliente – servidor. Para o cliente, deberá correr baixo máquinas Linux e Windows cos navegadores Mozilla, Firefox e Internet Explorer.

Deberase subministrar un sistema de xestión centralizado, tanto o software como o equipamento hardware necesario. Disporase dende o Concello dun acceso ao Sistema que permita a xestión dos usuarios e a xeración de informes de uso do servizo, e con acceso á rede WiMAX/WiFi a través dos enlaces correspondentes.

Dito xestor de rede deberá utilizar SNMP o calquera protocolo sobre Ethernet para comunicarse co Equipamento WiMAX/WiFi.

4.3.4.- Equipamento no interior das Escolas.

Cada una das escolas conectadas en rede deberá ser equipada con un mínimo de catro equipos informáticos. Os requisitos mínimos para estes equipos son:

Procesador Intel Celeron 430 1.80Ghz S775 800Mhz ou semellante.

Disco Duro ATAII 250GB 7200rpm

Regrabadora DVD Multiformato dobre capa

Memoria DDR2 1GB

Sistema Operativo Windows Vista Home ou semellante.

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.

MLA/rdi

Ref#: DECRETO APROBACION SOFTWARE CONEXIÓN ERP á DXT 10 FEESL13

Asunto:

Monitor de 17'' regulable en altura

4.4.- Condicións e características xerais da implantación.

A instalación da Estación Base e os Equipos Cliente WiMAX/WiFi contemplará os traballos de cableado estruturado tipo UTP conectorizado e certificado en Categoría 6, e alimentación eléctrica para os mesmos.

Terase moi en conta non só a calidade dos traballos, senón tamén a calidade da solución proposta, tanto en equipamento hardware como software: flexibilidade, capacidade de ampliación, funcionalidade, sinxeleza de uso, características avanzadas, etc.

PROBAS E ENSAIOS.

Despois de adxudicada a compra, será por conta do adxudicatario a posta a punto da instalación, realizando tódalas probas e medidas que se consideren pertinentes para garantir o bo funcionamento de acordo coas especificacións técnicas aquí detalladas, en especial no relativo ás taxas de transmisión.

GARANTÍA.

Esixirase a empresa contratada para realizar o despregamento da infraestrutura inarámica WiFi/Wimax para dar cobertura ás Escolas Rurais Municipais que durante un período mínimo de 2 anos, renovable ao finalizar o mesmo, que estableza un servizo de garantía e soporte, tendo en conta os seguintes principios adoptados polo Concello de Lugo.

A instalación contará cunha cobertura mínima, en canto a soporte e garantía da solución implantada, de 2 anos. Durante dito período, o adxudicatario prestará ó seu exclusivo cargo, o servizo de asistencia técnica da instalación, contemplando como mínimo as seguintes prestacións: novas versións de SW ou firmware e substitución de equipamento avariado con servizo NBD (Next Business Day). O servizo de soporte e mantemento incluírá tódolos gastos que se poidan derivar da asistencia "in situ", como son dietas, man de obra, kilometraxe, etc.

Dito servizo comprenderá a realización de cantas operacións foran necesarias para reparar ou substituír de forma gratuíta tódalas pezas ou elementos que presenten defectos de fabricación, instalación ou funcionamento.

Durante a vixencia do período de soporte, o adxudicatario comprometerase a substituír calquera elemento por un de iguais características se, por calquera causa, o elemento non corresponde ás expectativas previstas.

Para a prestación de dito servizo, a empresa adxudicataria disporá dun sistema de notificación e seguimento de incidencias e notificacións a través de Internet ó que facilitará o acceso do persoal designado polo Concello de Lugo para mellor xestión do servizo. Este servizo comprenderá tamén a actualización da documentación durante o período de garantía.

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.

MLA/rdi

Refº: DECRETO APROBACION SOFTWARE CONEXIÓN ERP á DXT 10 FEESL13

Asunto:

PRESENTACIÓN DAS PROPOSTAS.

As empresas licitantes presentarán un proxecto de execución que recollerá a localización dos equipos cliente WiMAX/WiFi, esquemas, deseño de rede e en xeral toda a información que permita identificar a calidade e alcance do proxecto proposto.

DOCUMENTACIÓN.

Unha vez rematada a instalación entregarse unha copia de toda a documentación necesaria para a identificación e localización do equipamento instalado, así como as medidas efectuadas en soporte electrónico. Rotularase a instalación empregando códigos de cores e numeración. Incluirase a formación aos técnicos do Concello de Lugo necesaria para a posterior xestión da infraestrutura.

CALIDADE.

Será imprescindible para a presentación das propostas que a empresa licitante dispoña, de certificado de calidade baseado en normas ISO9001 que comprenda tódalas actividades recollidas dentro do presente prego.

REALIZACIÓN DOS TRABALLOS.

Todos os traballos deberán ser realizados directamente pola empresa adjudicataria. Calquera subcontratación, total ou parcial, deberá ser autorizada, conocidos os detalles da mesma, polo Concello de Lugo.

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁ NA CONTRATACIÓN DA EXTENSION DE BANDA ANCHA MEDIANTE TECNOLOXÍAS WIMAX/WIFI EN ZONAS RURAIS DO CONCELLO DE LUGO- FASE II (10 FEESL 14) -----

PRIMEIRA. OBXECTO DO CONTRATO.

É obxecto deste contrato a subministración e instalación do equipamento necesario para o correcto funcionamento en distintas zonas rurais do municipio lucense dunha rede inarámica WIMAX/WIFI, todo elo segundo as características e condicións que figuran no prego de prescricións técnicas elaborado polo Servizo de Informática.

CPV -72000000-5... Servizos de informática e servizos conexos ...

CNAE 2009: 47.41 Comercio polo miúdo de ordenadores, equipos periféricos e programas informáticos en establecemetnos especializados.

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.

MLA/rdi

Refº: DECRETO APROBACION SOFTWARE CONEXIÓN ERP á DXT 10 FEESL13

Asunto:

62.02 Actividades de consultoría informática

Con este contrato satisfácese a necesidade de dinamizar e xeralizar o uso de internet nas zonas rurais do termo municipal de Lugo.

SEGUNDA. NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO DO CONTRATO

Trátase dun contrato de subministración , recollido e regulado no artigo 12 da LCSP e que ten por obxecto a subministración e instalación dunha rede de banda ancha nas zonas rurais .

Para a lexislación aplicable deberán terse en conta as seguintes disposicións:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (LCSP).
- Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP).
- Real Decreto 817/2009 de 8 de maio polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007 de 30 de outubro de Contratos do Sector Público.
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRJPAC).
- Real Decreto-Lei 13/2009, de 26 de outubro polo que se crea o Fondo Estatal para o Emprego e a Sostenibilidade Local.
- Resolución de 2 de novembro de 2009 da Secretaría de Estado de Cooperación Territorial (B.O.E 3 de novembro de 2009)
- Calquera outras disposicións legais vixentes que lles sexan de aplicación ás corporacións locais.

O órgano de contratación, conforme o disposto no artigo 194 da LCSP e dentro dos límites e con suxeición ós requisitos e efectos sinalados neste texto legal e no resto da lexislación vixente, ten as prerrogativas de interpretar o contrato administrativo, resolver as dúbidas que presente o seu cumprimento, modificalo por razóns de interese público, acadar a súa resolución e determinar os seus efectos. Expresamente faise constar que no caso de existir algunha discrepancia

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.

MLA/rdi

Refº: DECRETO APROBACION SOFTWARE CONEXIÓN ERP á DXT 10 FEESL13

Asunto:

entre os pregos de prescricións técnicas e o previsto neste prego de cláusulas administrativas, prevalecerá este último.

TERCEIRA. PRAZO DE EXECUCIÓN

O prazo máximo para a execución do presente contrato será de TRES meses dende a formalización do contrato. En todo caso deberá cumprirse o disposto no artigo 16 do Real Decreto-Ley 13/2009 de 26 de outubro.

Non caso de que a execucion real do contrato se realice en un tempo inferior ó previsto nesta cláusula, o contratista asumirá os seus compromisos de empregabilidade cos traballadores contratados ata a finalización do prazo previsto.

CUARTA. PREZO DO CONTRATO

1.- O valor estimado do contrato ascende á cantidade de 172.413,79 euros polo que incluído o IVE (27.586,21) resulta un presuposto total de 200.000 euros (DOUSCENTOS MIL EUROS)

Faise constar a existencia de crédito suficiente na aplicación orzamentaria 49100.62300 do vixente orzamento xeral.

O proxecto financíase con cargo ó Fondo Estatal para o Emprego e a Sostenibilidade Local creado por Real Decreto-Ley 13/2009 de 26 de outubro. O pagamento das cantidades correspondentes a este contrato aboaráse nunha soa anualidade correspondente ó ano 2010.

Dada a duración do contrato, non procederá a revisión de prezos.

QUINTA. PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN. CAPACIDADE DE LICITAR. TRAMITACION POR URXENCIA

O presente contrato adxudicarase polo procedemento aberto, previsto e regulado polos artigos 122, 141 e seguintes da LCSP. Asimesmo e de conformidade co disposto no artigo 17 do Real Decreto-Ley 13/2009 aplicarase o **trámite de urxencia** regulado nos artigos 96 e 128 da LCSP.

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.

MLA/rdi

Refº: DECRETO APROBACION SOFTWARE CONEXIÓN ERP á DXT 10 FEESL13

Asunto:

Están facultados para tomar parte na licitación e contratar con este Excmo. Concello as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, non estén incursoas en prohibición de contratar, e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica e profesional segundo o establecido nos artigos 43 e seguintes da LCSP.

Ademais das condicións xerais esixidas pola Lei, a empresa adxudicataria deberá dispoñer dunha organización con elementos persoais e materiais suficientes para a debida execución do contrato.

Os empresarios deberán contar, asimesmo, coa habilitación empresarial ou profesional que, de ser o caso, sexa esixible para a realización da actividade ou prestación que constitúa o obxecto do contrato.

Poderán así mesmo, presentar proposicións as unións de empresarios que se constituán temporalmente de conformidade co artigo 48 da LCSP. Cada un dos empresarios que compoñen a agrupación, deberá acreditar a súa capacidade de obrar e a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional, coa presentación da documentación a que fan referencia as cláusulas seguintes, debendo indicar en documento privado os nomes e circunstancias dos empresarios que subscriban, a participación de cada un deles e a persoa ou entidade que, durante a vixencia do contrato posuirá a plena representación ante a administración e que asumen o compromiso de constituírse en unión temporal de empresas. O citado documento deberá estar firmado polos representantes de cada unha das empresas compoñentes da Unión.

SEXTA. CRITERIOS DE SOLVENCIA ECONÓMICA, FINANCEIRA E TÉCNICA.

6.1.-A xustificación da solvencia económica e financeira deberá acreditarse por un ou varios dos medios seguintes:

- a) Declaracións apropiadas de entidades financeiras ou, no seu caso, xustificante da existencia dun seguro de indemnización por riscos profesionais.
- b) Contas anuais presentadas no Rexistro Mercantil ou no Rexistro oficial que corresponda. Os empresarios non obrigados a presentar as contas en rexistros oficiais poderán aportar, como medio alternativo de acreditación, os libros de contabilidade debidamente legalizados.
- c) Declaración sobre o volume global de negocios e, no seu caso, sobre o volume de negocios no ámbito de actividades correspondente ó obxecto deste contrato, referido como máximo ós tres últimos exercizos dispoñibles en función da data

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.

MLA/rdi

Refº: DECRETO APROBACION SOFTWARE CONEXIÓN ERP á DXT 10 FEESL13

Asunto:

de creación ou de inicio das actividades do empresario, na medida en que se dispoña das referencias de dito volume de negocio.

Se por razóns xustificadas un empresario non pode facilitar as referencias solicitadas poderá acreditar a súa solvencia económica e financeira por calquera outra documentación considerada como suficiente pola Administración.

6.2 A solvencia técnica poderá ser xustificada por un ou varios dos medios seguintes:

- a) Relación das principais subministracións realizadas nos últimos tres anos que inclúa o importe, datas e o destinatario, público ou privado, dos mesmos. As subministracións efectuadas acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público, ou cando o destinatario sexa un suxeto privado, mediante un certificado expedido por éste, ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario.
- b) Indicación do persoal técnico ou das unidades técnicas, integradas ou non na empresa, participantes no contrato, especialmente aqueles encargados do control de calidade.
- c) Descrición das instalacións técnicas, das medidas empregadas polo empresario para garantir a calidade e dos medis de estudo e investigación da empresa.
- d) Control efectuado pola entidade do sector público contratante ou, en nome deste, por un organismo oficial competente do Estado no que esté establecido o empresario, sempre que medie acordo do devandito organismo, cando os produtos a subministrar sexan complexos ou cando, excepcionalmente, deban responder a un fin particular. O control versará sobre a capacidade de produción do empresario e, se fose preciso, sobre os medios de estudo e investigación de que dispoña e sobre as medidas de control de calidade.
- e) Mostras, descrições e fotografías dos produtos a subministrar, cuxa autenticidade poda certificarse a petición da entidade do sector público contratante.
- f) Certificados expedidos polos institutos ou servizos oficiais encargados do control de calidade, de competencia recoñecida, que acrediten a conformidade de produtos perfectamente detallada mediante referencias a determinadas especificacións ou normas.

No presente contrato, que require obras de colocación e instalación, a capacidade dos operadores económicos para prestar estes servizos ou executar a instalación

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.

MLA/rdi

Refº: DECRETO APROBACION SOFTWARE CONEXIÓN ERP á DXT 10 FEESL13

Asunto:

ou obra poderá avaliarse tendo en conta especialmente os seus coñecementos técnicos, eficacia, experiencia e fiabilidade.

6.3.- Ademais da documentación sinalada, os licitadores deberán presentar obrigatoriamente:

-Certificado de calidade baseado en normas ISO9001 que comprenda tódalas actividades recollidas dentro do prego técnico.

SÉTIMA. GARANTÍAS.

Os licitadores terán a obriga de presentar o xustificante de constitución dunha garantía provisional por importe de **5.172,41 euros**.

O licitador que resulte adxudicatario provisional virá obrigado a constituír unha garantía definitiva dun 5% do importe de adxudicación, excluído o IVE, no prazo máximo de 10 días hábiles contados a partir da publicación da adxudicación provisional no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. De non cumprirse este requisito por causa imputable ó adxudicatario provisional, o Concello declarará decaída a adxudicación provisional ó seu favor, sendo de aplicación o disposto no artigo 135.4 LCSP.

As garantías poderán prestarse nalguna das formas sinaladas no artigo 84 LCSP, isto é:

- a) En efectivo ou en valores de debida pública, con suxeición, en cada caso, ás condicións establecidas na LCSP e normas de desenvolvemento.
- b) Mediante aval, prestado na forma e condicións que establezan as normas de desenvolvemento da LCSP, por algún dos bancos, caixas de aforro, cooperativas de crédito, establecementos financeiros de crédito e sociedades de garantía recíproca autorizados para operar en España, que deberán depositarse nos establecementos sinalados no artigo 84.1.a) da LCSP.
- c) Mediante contrato de seguro de caución celebrado cunha entidade aseguradora autorizada para operar no ramo. O certificado de seguro deberá entregarse nos establecementos sinalados no artigo 84. 1. a) da LCSP.

Se a mesma garantía provisional se constituíse en metálico ou valores, será potestativo para o adxudicatario aplicar o seu importe á garantía definitiva ou proceder á nova constitución desta última. Neste suposto deberá ser cancelada a garantía provisional simultaneamente á constitución da garantía definitiva.

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.

MLA/rdi

Ref#: DECRETO APROBACION SOFTWARE CONEXIÓN ERP á DXT 10 FEESL13

Asunto:

OITAVA. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓN.

O Concello de Lugo publicará un anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo así como no perfil do contratante do Concello (www.lugo.es/zona de servizos/perfildelcontratante)

O prazo de presentación de proposicións será de **OITO DÍAS NATURAIS** contados dende a publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. No suposto que o último día de presentación das proposicións coincidirá en sábado ou festivo prorrogarase ó seguinte día hábil.

NOVENA. PRESENTACIÓN DAS PROPOSICIÓN.

As empresas presentarán a súa proposición en tres sobres pechados, asinados polo proponente ou polo seu representante, facendo constar o título do procedemento, nome do licitador, dirección, teléfono e fax, para os efectos de notificacións. Os ditos sobres denominaranse coas letras A - Documentación administrativa, B - Proposta técnica relativa ós criterios de adxudicación non avaliábles automaticamente e C- Proposición económica e relativa a criterios avaliábles automaticamente,

Os sobres de que consta a proposición presentaranse, durante o prazo sinalado na cláusula oitava, antes sinalada, no Rexistro Xeral do Excmo. Concello de Lugo, en horario de 9 a 14 horas (de luns a venres) ou enviadas por correo. No suposto que o último día de presentación das proposicións coincidirá en sábado ou festivo prorrogarase ó seguinte día hábil. O mesmo tratamento terá no caso de coincidir en 24 de maio que se prorrogará o primeiro día hábil.

Cando as proposicións se envíen por correo, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío e anunciarlle ó órgano de contratación a remisión da oferta mediante télex, telegrama ou fax no mesmo día. Sen a concorrencia de ámbolos dous requisitos, non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data de remate do prazo sinalado no anuncio. Transcorridos, non obstante, 10 días naturais seguintes á dita data sen se recibir a proposición, esta non será admitida en ningún caso.

DÉCIMA. DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA E PROPOSTA ECONÓMICA.

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.

MLA/rdi

Ref#: DECRETO APROBACION SOFTWARE CONEXIÓN ERP á DXT 10 FEESL13

Asunto:

O **sobre denominado A documentación administrativa**, conterà, como mínimo, os seguintes documentos:

- Acreditativos da personalidade do licitador, que poderán ser:

a) DNI do licitador, se se trata de empresario individual, ou escritura de constitución se se trata dunha sociedade, debidamente inscrita no seu correspondente rexistro.

b) Poder bastantado: os que comparezan ou asinen proposicións representando a outra persoa ou entidade presentarán poder debidamente bastantado polo titular da asesoría xurídica do Concello ou por funcionarios do servizo de contratación do Concello habilitados ó efecto. Para isto, presentárase orixinal e fotocopia nas oficinas de contratación do Excmo. Concello de Lugo, cunha anterioridade mínima de dous días hábiles ó remate do prazo de presentación das proposicións, de 9,30 a 14,00 horas, de luns a venres. Se a empresa fose persoa xurídica, o poder deberá estar debidamente inscrito no Rexistro Mercantil.

- Acreditación da solvencia económica, financeira e técnica e profesional polos medios indicados na cláusula sexta deste prego de cláusulas, ademais da documentación sinalada no apartado 6.3 da dita cláusula.

- Declaración responsable do licitador ante autoridade administrativa, notario público ou organismo profesional cualificado na que se faga constar que non se atopa incurso en ningunha das prohibicións para contratar co Concello de Lugo previstas no artigo 49 da LCSP e de que se atopa ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias -incluídas tamén co Concello de Lugo- e de Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, sen perxuízo de que a xustificación acreditativa de tal requisito deba presentarse, antes da adxudicación definitiva, polo empresario a favor do cal se vaia efectuar esta. Cando se trate de empresas de Estados membros da Unión Europea ou signatarios do Acordo sobre o Espazo económico europeo e esta posibilidade estea prevista na lexislación do Estado respectivo, poderá tamén substituírse por declaración responsable ante unha autoridade xudicial.

O cumprimento das obrigas tributarias estatais pode substituírse por certificacións expedidas pola Axencia Tributaria e respecto ás obrigas coa Seguridade Social mediante certificación expedida pola Tesourería xeral da Seguridade Social.

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.

MLA/rdi

Refº: DECRETO APROBACION SOFTWARE CONEXIÓN ERP á DXT 10 FEESL13

Asunto:

- Presentación da alta e, no seu caso, do derradeiro recibo do Imposto sobre Actividades Económicas.

- Xustificante de constitución dunha garantía provisional por importe de **5.172,41 euros**.

Os documentos a que se refire esta cláusula poderán ser orixinais ou presentarse mediante copia autenticada por notario ou pola xefa do negociado de rexistro deste Excmo. Concello.

No caso de que as propostas fosen presentadas por estranxeiros, ademais da anterior documentación, terán que aportar a seguinte:

- Os licitadores estranxeiros de estados membros da Unión Europea ou asinantes do acordo sobre o espazo económico europeo acreditarán a súa capacidade de obrar mediante a inscrición nos rexistros ou presentación das certificacións que se sinalan no Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro.

- Os licitadores de estados non membros da Comunidade Europea e dos non asinantes do acordo sobre o espazo económico europeo ademais de acreditar a súa capacidade para contratar e obrigarse conforme á lexislación do seu estado e a súa solvencia económica, financeira, deberán presentar os seguintes documentos:

- Certificación expedida pola respectiva representación diplomática española na que se faga constar que figuran inscritas no rexistro local, profesional, comercial ou análogo ou, no seu defecto, que actúan con habitualidade no tráfico local.

- Informe de representación diplomática española sobre a condición do estado signatario do acordo sobre contratación pública da organización mundial do comercio ou, no caso contrario, o informe de reciprocidade.

- Declaración de sometemento á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde para a resolución de calquera das cuestións litixiosas que puideran xurdir durante a formalización e execución do contrato.

Os licitadores estranxeiros presentarán os documentos que teñan que aportar traducidos de forma oficial en calquera dos idiomas galego ou castelán.

O sobre denominado B, Proposta técnica relativa ós criterios de adxudicación non avaliados automaticamente, conterá toda a documentación técnica necesaria para a valoración das proposicións ofertadas de acordo cos criterios non valorados automaticamente que se indican na cláusula décimo segunda deste prego de cláusulas administrativas particulares (**apartados 12.2.1 e 12.2.2**)

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.

MLA/rdi

Refº: DECRETO APROBACION SOFTWARE CONEXIÓN ERP á DXT 10 FEESL13

Asunto:

Na documentación presentada neste sobre os licitadores garantirán que a información subministrada non conteña referencia algunha que permita os técnicos identificar as escolas. As referencias que sexan imprescindibles para a explicación da solución técnica ou melloras ofertadas indicárase con números (p.ex escola 1,2...) todo isto coa finalidade de garantir a obxectividade na valoración tal e como esixe a Lei.

O incumprimento desta esixencia implicará a exclusión da licitación.

O sobre denominado C, Proposición económica e relativa a criterios avaliábelos automáticamente,, conterá o seguinte modelo, debidamente cuberto
Don, con domicilio en e DNI nº, expedido o, en plena posesión da súa capacidade xurídica e de obrar, en nome propio (ou en representación de, con DNI ou CIF nº,), fai constar:

a) Que solicita tomar parte no procedemento convocado para a contratación **DA CONTRATACIÓN DA EXTENSION DE BANDA ANCHA MEDIANTE TECNOLOXÍAS WIMAX/WIFI EN ZONAS RURAIS DO CONCELLO DE LUGO**

b) Que se compromete a executar o contrato por un prezo de..... euros máis correspondentes ó IVE polo que resulta un total de euros IVE incluído.

Asimesmo oferto **emprazamentos** (indicar o número) * Os licitadores deberán achegar a relación nominal das correspondentes escolas ás que se dará cobertura e que coincidirá co número expresado nesta oferta.

c) **Comprométome a empregar** directamente ou a través de empresas subcontratistas a (indicar número) traballadores para a realización da referida subministración, dos cales..... serán novos traballadores en situación de desemprego conforme o artigo 17 e Disposición Adicional Primeira do Real Decreto-Lei 13/2009, conforme a tabla que se achega:

PERSOAL XA CONTRATADO			PERSOAL A CONTRATAR (no momento da formalización do contrato ou posteriores)		
Traballador num..... *	Duración contrato **	Dedicación horaria ***	Traballador num..... *	Duración contrato **	Dedicación horaria ***
....1		1		
....2		2		
....3		3		
...			...		

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.

MLA/rdi

Ref#: DECRETO APROBACION SOFTWARE CONEXIÓN ERP á DXT 10 FEESL13

Asunto:

** Indicar o número de traballadores de forma correlativa (exemplo: traballador número 1, 2, 3..... ata o número total de traballadores para cada tipo de contratos - xa contratado e a contratar-)*

*** A duracion do contrato expresa o número de días de alta na seguridade Social dentro do prazo previstos nos pregos para a execucion da obra*

**** En dedicación horaria indicase o número de horas diarias que se dedicará exclusivamente á realizacion da obra de referencia (xornada)*

d) Que se compromete a sufragar os gastos do aluguer de infraestructuras alleas ó Concello de lugo (**custo residual**) durante o prazo de execución do contrato por un importe máximo anual de euros.

e) Que oferta un **prazo de garantía** de toda a infraestrutura da rede WiMAX/WiFi durante un período de anos/meses a maiores do mínimo esixido nos pregos técnicos (dous anos)

f) Acepta incondicionalmente cantas obrigas se deriven do prego de cláusulas administrativas particulares e das condicións técnicas, como licitador e como adxudicatario, no seu caso.

g) Reúne todas e cada unha das condicións esixidas para contratar coa Administración.

(Lugar, data e sinatura)

O licitador poderá acompañar á súa oferta canta documentación complementaria estime conveniente para a mellor comprensión e xustificación da mesma.

A inclusión errónea de información ou documentación dun sobre noutro implicará automaticamente o rexeitamento das proposicións do licitador.

DÉCIMO PRIMEIRA. MESA DE CONTRATACIÓN E APERTURA DAS PROPOSICIÓNS.

De conformidade co previsto no artigo 295 LCSP a Mesa de Contratación estará integrada por:

PRESIDENTE: Sra Concelleira delegada da área de economía e emprego.

VOCAIS:

- A Concelleira delegada de Servizos Xerais.

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.

MLA/rdi

Refº: DECRETO APROBACION SOFTWARE CONEXIÓN ERP á DXT 10 FEESL13

Asunto:

- Un Concelleiro de cada un dos grupos políticos que forman a Corporación
- Interventor xeral ou funcionario/a que o substitúa
- A titular da asesoría xurídica do Concello ou funcionario/a que a substitúa.

SECRETARIO: O xefe do servizo de contratación ou funcionario/a que o substitúa.

O acto público de apertura das propostas técnicas (sobre B) celebrarase ó segundo día natural contado a partir do remate do prazo de presentación de proposicións, procedéndose previamente á apertura e cualificación da documentación administrativa (sobre A). Se dito día coincidise en sábado ou festivo, a apertura realizarase ó seguinte día hábil. O devandito prazo ampliarase, no caso de ser necesario, ata o undécimo día, no suposto de recibirse regulamentariamente o aviso de presentación das proposicións por correo.

Posteriormente, e tras a valoración da documentación contida no sobre B e a proposta de puntuación obtida polos licitadores, convocarase a estes para o acto público de apertura de ofertas económicas (sobre C), tralo cal se producirá a valoración final e realización da proposta de adxudicación por parte da mesa de contratación.

DÉCIMO SEGUNDA. CRITERIOS DE ADXUDICACION

Os **criterios de adxudicación** para a selección da empresa adxudicataria serán os seguintes:

12.1 CRITERIOS AVALIABLES AUTOMÁTICAMENTE

12.1.1 COBERTURA DE EMPRAZAMENTOS (ATA 51 PUNTOS)

Valórase a cobertura do maior número de emprazamentos posible dentro dos sinalados no presente Prego, cumprindo cos requisitos mínimos (ancho de banda, equipamento, etc.). En función do uso actual e previsto para cada unha das escolas, establécense os seguintes criterios de puntuación:

- Valorarase con 4 puntos a cobertura das escolas de Rubiás, Bocamaos, Camoira, Pías, Saa, San Roman de Santa Cristina e Meilán.
- Valorarase con 2 puntos a cobertura das escolas de Benade, Carballido (Fazai), Pedreda, Piugos, Poutomilos e Vilachá de Mera.
- Valorarase con 1 punto as restantes once escolas.

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.

MLA/rdi

Refº: DECRETO APROBACION SOFTWARE CONEXIÓN ERP á DXT 10 FEESL13

Asunto:

Non se aceptarán ofertas que inclúan a conexión de menos de oito escolas ou que acaden menos de 28 puntos neste apartado 12.1.1

12.1.2.- VOLUME TOTAL DE MAN DE OBRA QUE SE UTILIZARÁ NA EXECUCIÓN DO CONTRATO (ATA 9 PUNTOS) DESGLOSADOS COMO SEGUE:

a) Número de traballadores que se contraten previamente á formalización do contrato (ata 4,5 puntos)

Para a valoración deste apartado terase en conta, para cada traballador , a variable de xornada (en número de horas) e a duración do contrato (en número de días). Aplicarase a seguinte fórmula:

Cada posto de traballo (valor 1) multiplicarase polo cociente resultante de dividir o número de horas do contrato entre a xornada completa legal e polo cociente resultante de dividir a duración do contrato (en días) entre a duración prevista para a execución do contrato de subministración (en días). A estes efectos a duración do contrato do traballador non excederá do fixado para a execución do contrato aínda que sexa indefinido.

Así:

$\text{Traballador} = 1 \times (\text{n}^\circ \text{ horas xornada/xornada completa}) \times (\text{duración contrato} / \text{duración execución obra}) = \text{valor}$

A suma das cifras resultantes (unha para cada posto de traballo) dará un valor. Ó maior valor que resulte desta fórmula aplicarase a puntuación máxima fixada. Ó menor valor aplicaráselle 0 puntos e o resto valorarase de xeito proporcional.

b) Número de novos traballadores en situación legal de desemprego que se compromete a contratar a empresa para a realización do contrato ó seu inicio ou con posterioridade (ata 4,5 puntos)

Para a valoración deste apartado terase en conta, para cada traballador a contratar, a variable de xornada (en número de horas) e a duración do contrato (en número de días). Aplicarase a seguinte fórmula:

Cada posto de traballo (valor 1) multiplicarase polo cociente resultante de dividir o número de horas do contrato entre a xornada completa legal e polo cociente resultante de dividir a duración do contrato (en días) entre a duración prevista para a execución do contrato de subministración (en días) A estes efectos a

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.

MLA/rdi

Refº: DECRETO APROBACION SOFTWARE CONEXIÓN ERP á DXT 10 FEESL13

Asunto:

duración do contrato do traballador non excederá do fixado para a execucion do contrato aínda que sexa indefinido.

Así:

Traballador = 1 x (nº horas xornada/xornada completa) x (duración contrato /duración execución obra) = valor

A suma das cifras resultantes (unha para cada posto de traballo) dará un valor. Ó maior valor que resulte desta fórmula aplicarase a puntuación máxima fixada. Ó menor valor aplicaráselle 0 puntos e o resto valorarase de xeito proporcional.

Non caso de que a execucion real do contrato se realice en un tempo inferior ó previsto na cláusula terceira, o contratista asumirá os seus compromisos de empregabilidade cos traballadores contratados ata a finalización do prazo previsto.

12.1.3 COSTE RESIDUAL (ATA 5 PUNTOS).

Para o despregue da infraestrutura de rede inalámbrica WIMAX poderase utilizar medios de terceiros alleos ao Concello de Lugo e, tal e como se estableceu con anterioridade, no importe ofertado deberá incluírse o custo derivado da utilización de infraestruturas durante o período de garantía do contrato. Canto menor sexa este custo, menor será o gasto que haberá que contemplar nos vindeiros anos como custos de mantemento.

No presente apartado valorarase a cantidade económica destinada a aluguer de infraestruturas alleas ao Concello de Lugo durante o período de garantía do contrato. Obterán 5 puntos as proposicións que non supoñan ningún custo derivado da utilización de infraestruturas de terceiros, e as restantes valoraranse proporcionalmente.

12.1.4 AMPLIACIÓN DO PRAZO DE GARANTÍA (ATA 5 PUNTOS).

No presente apartado valorarase a ampliación do prazo de garantía, a maiores do período mínimo de 2 anos. Obterá a máxima puntuación neste apartado (5 puntos) a proposición que conteña o maior prazo de garantía, a maiores do período mínimo de 2 anos. Obterán 0 puntos as proposicións que non conteñan ampliación do prazo de garantía, e as restantes valoraranse proporcionalmente.

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.

MLA/rdi

Refº: DECRETO APROBACION SOFTWARE CONEXIÓN ERP á DXT 10 FEESL13

Asunto:

12.2.- CRITERIOS NON AVALIABLES AUTOMÁTICAMENTE

12.2.1.- MELLORAS NO CONTRATO (ATA 10 PUNTOS)

No presente apartado valorarase as melloras no contrato. Poderanse ofertar melloras ligadas a superiores graos de detalle, traballos adicionais, conectividade, hardware, software, rapidez de resposta, documentación adicional, etc. Valoraranse ademais novas funcionalidades así como o maior dimensionamento tanto da calidade técnica como do número de elementos ofertados.

As melloras ofertadas deberán estar relacionadas directamente co obxecto do contrato.

12.2.2 SOLUCION TÉCNICA (ATA 20 PUNTOS).

No presente apartado valorarase a calidade técnica da proposta formulada polo licitador, non só a calidade dos traballos, senón tamén a calidade da solución proposta, tanto en equipamento hardware como software. Valorarase a flexibilidade, funcionalidade, sinxeleza de uso, características avanzadas, funcionalidade final, calidade do sistema de xestión proposto, calidade do sistema de mantemento proposto.

Valorarase especialmente a capacidade de ampliación da solución proposta. Este é un proxecto que se configura coma un primeiro paso estender o uso das Novas Tecnoloxías e Sociedade da Información a todos os cidadáns para superar a denominada "brecha dixital", que terá a súa continuación no futuro, ampliando o número de escolas conectadas, e os servizos ofrecidos nas mesmas, polo que a escalabilidade é un factor determinante.

DÉCIMO TERCEIRA. ADXUDICACIÓN PROVISIONAL E DEFINITIVA

1. A adxudicación provisional será efectuada polo órgano competente a proposta da Mesa de Contratación, unha vez obtidos, de ser o caso, os informes técnicos necesarios. Deberá notificarselles ós candidatos ou licitadores e publicarse no B.O.P e no perfil do contratante.

A adxudicación recaerá sobre a proposta que resulte economicamene máis vantaxosa. Poderá declararse deserta a licitación cando non exista oferta ningunha que sexa admisible de acordo cos criterios de adxudicación que figuran nos pregos.

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.

MLA/rdi

Refº: DECRETO APROBACION SOFTWARE CONEXIÓN ERP á DXT 10 FEESL13

Asunto:

2.- No prazo de dez días hábiles contados dende o seguinte a aquel en que se publique a adxudicación provisional no perfil do contratante e no BOP, o adxudicatario deberá presentar a documentación acreditativa de atoparse ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, así como o xustificante de constitución da garantía definitiva.

3.- A elevación a definitiva da adxudicación producirase dentro dos dez días hábiles seguintes a aquel en que expire o prazo sinalado no parágrafo anterior, de conformidade co artigo 17.1.b) do Real Decreto-Lei 13/2009.

4.- O órgano de contratación poderá renunciar á celebración do contrato así como desistir do procedemento de conformidade co establecido no artigo 139 da LCSP.

DÉCIMO CUARTA. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO..

A formalización do contrato en documento administrativo efectuarase dentro do prazo de dez días hábiles a contar dende o seguinte ó da notificación da adxudicación definitiva, constituíndo dito documento título suficiente para acceder a calquera rexistro público. Non obstante, o contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública, correndo do seu cargo os correspondentes gastos.

Previamente á formalización do contrato o adxudicatario deberá achegar o xustificante de aboamento dos gastos dos anuncios de licitación e do importe dos impostos, dereitos, taxas, prezos públicos e demais que orixine a licitación e formalización do contrato.

No caso de que o contrato fora adxudicado a unha agrupación de empresas, deberán estas acreditar a constitución da mesma, en escritura pública, dentro do prazo outorgado pra a formalización do contrato.

Cando por causas imputables ó contratista non se puidera formalizar o contrato dentro do prazo sinalado, o Concello poderá acordar a resolución do mesmo así como a incautación da garantía provisional que, no seu caso, fora constituída, podéndose adxudicar ó licitador ou licitadores seguintes a aquel, por orde das súas ofertas, contando coa conformidade do novo adxudicatario.

Ó tratarse dun expediente de contratación con trámite de urxencia, o Concello poderá acordar o comezo da execución do contrato aínda que non se formalizara

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.

MLA/rdi

Refº: DECRETO APROBACION SOFTWARE CONEXIÓN ERP á DXT 10 FEESL13

Asunto:

este, sempre que, no seu caso, se constituira a garantía correspondente e se adxudicara definitivamente.

DÉCIMO QUINTA. EXECUCIÓN DO CONTRATO.

1. Os traballos executaranse con estricta suxeición ás cláusulas estipuladas neste prego e no prego de prescricións técnicas aprobado polo Concello e conforme as instrucións que, en interpretación técnica deste dera ó contratista o responsable do contrato (técnico do servizo Municipal de informática), o cal terá as facultades sinaladas no artigo 41 da LCSP.

Cando as instrucións foran de carácter verbal deberán ser ratificadas por escrito, o máis axiña posible, para que sexan vinculantes ás partes.

2. Se durante o desenvolvemento dos traballos se detectase a conveniencia ou necesidade da súa modificación ou a realización de actuacións non contratadas, actuarase na forma prevista nos artigos 194, 195, 202 e 272 da LCSP.

3. Os dereitos e obrigacións dimanantes do contrato poderán ser cedidos a un terceiro sempre que se cumpran os requisitos establecidos no artigo 209 da LCSP e que as calidades técnicas ou persoais do cedente non foran razón determinante da adxudicación do contrato.

4.-En todo caso e de conformidade co artigo 17.5 do Real Decreto-Lei 13/2009 os contratistas deberán aboar ós subcontratistas o prezo pactado polas prestacións cúa realización lles encomendaran no prazo máximo de trinta días naturais, computado dende a data de aprobación polo contratista principal da factura emitida polo subcontratista ou subministrador.

5.- Os gastos necesarios para a execución do contrato serán por conta do adxudicatario.

DÉCIMO SEXTA.- CONDICIÓNES ESPECIAIS DE EXECUCION

Será condición de execución do contrato a que se refire este prego, de conformidade co disposto no artigo 17.2 e Disposición Adicional Primeira do Real Decreto-Lei 13/2009 **que o novo persoal** que o contratista necesite empregar para a execución do contrato sexan desempregados ou traballadores autónomos que cesaran na actividade, inscritos nos Servizos Públicos de emprego correspondentes como demandantes de emprego non ocupados, prioritariamente en situación de desemprego de longa duración.

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.

MLA/rdi

Refº: DECRETO APROBACION SOFTWARE CONEXIÓN ERP á DXT 10 FEESL13

Asunto:

A tal efecto considerárase persoal novo o **que se contrate ó inicio da execución do contrato (na data de formalización do contrato) ou con posterioridade durante a execución do contrato.**

No caso de que finalmente non se realizara subcontratación nas condicións indicadas na oferta por parte da empresa adxudicataria os traballadores que en principio se preveían contratar pola empresa subcontratista serán asumidos nas mesmas condicións pola empresa adxudicataria.

No **prazo máximo de cinco días** dende o inicio da execución deste contrato ou se é o caso dende a contratación de cada traballador con posterioridade ó inicio da execución deste contrato deberá achegar a seguinte documentación (tanto do seu propio persoal como, no seu caso, do persoal das empresas subcontratistas) sen prexuízo da solicitude doutra documentación que se estime necesaria:

a) Das **novas contratacións** achegarán:

- Copias dos contratos de traballo de cada novo traballador ou se é o caso contrato con traballadores autónomos
- Copia da alta na Seguridade Social de cada novo traballador.
- Informe de período de inscrición de cada traballador.
- Copia da oferta de emprego presentada ante os servizos públicos de emprego correspondentes e na que, aparte das esixencias mínimas que se é o caso interese a empresa, figure como requisito que os traballadores que se solicitaron na dita oferta sexan desempregados ou traballadores autónomos que cesaran na actividades inscritos nos Servizos de emprego como demandantes de emprego non ocupados e preferentemente de longa duración (conforme a Disposición Adicional Primeira do Real Decreto- Lei 13/2009 de 26 de outubro)

b) **Dos traballadores xa contratados** con anterioridade ó inicio da execución do contrato achegarase:

- Copia da vida laboral de cada un deles e en caso de traballadores autonomos copia dos contratos asinados con eles.

No caso de que as empresas tivesen que substituír durante a execución do contrato a algun traballador mediante unha nova contratación deberá cumprirse a esixencia establecida no parágrafo primeiro desta cláusula e no artigo 17.2 do Real Decreto-Lei.

Calquera dificultade ou empecemento no cumprimento desta condición especial de execución deberá comunicarse ó responsable do contrato á maior brevidade.

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.

MLA/rdi

Refº: DECRETO APROBACION SOFTWARE CONEXIÓN ERP á DXT 10 FEESL13

Asunto:

Durante a execucion do contrato o responsable do contrato poderá esixir en calquera momento o cumprimento das obrigas asumidas pola empresa en virtude deste contrato.

Á finalizacion do contrato o adxudicatario deberá facilitar ó concello tódolos datos que sexan requiridos ó Concello polo Ministerio de Polícita Territorial.

DÉCIMO SÉTIMA.- PENALIDADES

Impoñeranse penalidades ó contratista cando incurra nalgunha das causas previstas a continuación:

a) **Por incumprimento das condicións especiais de execución.** O incumprimento das condicións de execución establecidas neste prego dará lugar á imposición ó contratista das seguintes penalidades:

- Como regra xeral, a súa contía será un 1% do importe de adxudicación do contrato, agás que, motivadamente, o órgano de contratación estime que o incumprimento é grave ou moi grave, en cuio caso poderán alcanzar ata un 5% ou ata o máximo legal do 10%, respectivamente. A reiteración no incumprimento poderá terse en conta para avaliar a gravidade.

- Faranse efectivas mediante deducción das cantidades que, en concepto de pago total ou parcial, deban aboarse ó contratista, ou sobre a garantía, conforme ó artigo 196.8 da Lei de Contratos do Sector Público.

O cumprimento polo adxudicatario das condicións especiais de execución poderá verificarse polo órgano de contratación en calquera momento durante a execución do contrato e, en todo caso, comprobarase ó tempo da terminacion do contrato.

En todo caso, o incumprimento será considerada como infracción moi grave ós efectos previstos no artigo 102.2 da Lei de Contratos del Sector Público sempre que o dito incumprimento supoña unha contratación de nova mano de obra que non se atopase en situación de paro superior ó 50 % do total da contratada como nova.

b) **Por cumprimento defectuoso.** Impoñeranse penalidades por cumprimento defectuoso nos seguintes termos:

- Se, ó tempo da recepción, a prestación non se axustase ás prescripcóns establecidas para a súa execución.

- Como regra xeral, a súa contía será un 1% do presuposto do contrato, agás que, motivadamente, o órgano de contratación estime que o incumprimento é grave

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.

MLA/rdi

Refº: DECRETO APROBACION SOFTWARE CONEXIÓN ERP á DXT 10 FEESL13

Asunto:

ou moi grave, en cuio caso poderán acadar ata un 5% ou ata o máximo legal do 10%, respectivamente. A reiteración no incumprimento poderá terse en conta para valorar a gravidade

- En todo caso, a imposición das penalidades non eximirá ó contratista da obriga que legalmente lle incumbe en canto á reparación dos defectos.

c) **Por incumprir criterios de adxudicación.** Impoñeranse ó contratista penalidades por incumprir os criterios de adxudicación nos seguintes termos

- Se, durante a execución do contrato ou no tempo da súa recepción, se aprecia que, por causas imputables ó contratista e inxustificadas, se incumplise algun ou algúns dos compromisos asumidos na súa oferta, en especial os relativos ó volume de man de obra a utilizar na execución del contrato.

- Como regra xeral, a súa contía será un 1% do presuposto do contrato, agás que, motivadamente, o órgano de contratación estime que o incumprimento é grave ou moi grave, en cuio caso poderán acadar ata un 5% ou ata o máximo legal do 10%, respectivamente. A reiteración no incumprimento poderá terse en conta para valorar a gravidade.

d) **Por demora.** Cando o contratista, por causas que lle foran imputables, incurrixe en demora, tanto en relación co prazo total como cos prazos parciais establecidos, estarase ó disposto no artigo 196 da Lei de Contratos do Sector Público en canto á imposición destas penalidades.

e) **Penalidades especiais.**

Se, por algunha das causas sinaladas o Concello deixase de percibir todo ou parte da subvención do Ministerio de Administracións Públicas para esta finalidade, o contratista virá obrigado a indemnizar ó concello de Lugo pola cantidade igual á que este deba reintegrar á Administración Xeral do Estado.

DÉCIMO OITAVA- RECEPCIÓN DA SUBMINISTRACION

O adxudicatario deberá subministrar e instalar os bens obxecto do contrato dentro do prazo de execución establecido na cláusula terceira.

A mora do adxudicatario non precisará de previa intimación por parte do Concello.

O adxudicatario non terá dereito a indemnización por causa de perdas, avarías ou perxuízos ocasionados ós bens antes da súa entrega ó Concello.

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.

MLA/rdi

Refº: DECRETO APROBACION SOFTWARE CONEXIÓN ERP á DXT 10 FEESL13

Asunto:

No momento da entrega levantarase a correspondente acta de recepción. Se os bens non estivesen en estado de ser recibidos farase constar así na acta e daranse as instrucións oportuns ó contratista paa que subsane os defectos observados ou se proceda a un novo subministro de conformidade co pactado.

Unha vez rematada a instalacion entregarase unha copia de toda a documentacion necesaria para a identificacion e localizacion do equipamento instalado así como os medimentos efectuados en soporte electrónico. Rotularase a instalacion empregando códigos de cores e numeración.

DÉCIMO NOVENA. GASTOS

Os gastos derivados da contratación e da formalización do contrato (300 euros aproximadamente), serán por conta do contratista adxudicatario.

Encontrarase así mesmo obrigado, se fose necesario, ó pagamento de tódolos xéneros de tributos estatais, locais e autonómicos e a solicitar a concesión das autorizacións e licencias que lle fosen necesarias das administracións ou organismos públicos ou privados, sendo da súa conta as xestións e gastos que se ocasionen.

VIXÉSIMA. CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS SOCIAIS E LABORAIS.

- O contratista estará obrigado a cumprir-las disposicións vixentes en materia de protección da industria.

- O contratista está obrigado, igualmente, a cumprir as disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de Seguridade e Hixiene no traballo.

- O contratista comprométese a adopta-las medidas necesarias, tanto de carácter técnico como organizativo que garantan a seguridade dos datos que lles sexan facilitados ou ós que teñan acceso co fin de evitar a súa alteración, uso inadecuado, perda, tratamento e acceso non autorizado e a gardar sixilo e segredo profesional aínda despois de rematar a relación co Concello de Lugo.

Para o cumprimento da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, a empresa deberá de achegarlle ó Gabinete de prevención de riscos laborais do Concello con carácter previo ó inicio da prestación de que se trate a seguinte documentación:

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.

MLA/rdi

Ref#: DECRETO APROBACION SOFTWARE CONEXIÓN ERP á DXT 10 FEESL13

Asunto:

1.- Xustificación da modalidade de desenvolvemento da actividade preventiva na empresa.

a) No suposto de que esta concertara un servizo de prevención alleo, deberá presentar certificación del, comprensiva das especialidades concertadas e vixencia do concerto.

b) No suposto de que sexa membro dun servizo mancomunado, deberá presenta-la acta da súa constitución.

c) Se existe un traballador designado, haberá de indicarse o seu nome, así como a súa aceptación.

2.- Certificación de que a avaliación e plan de acción están feitas ou en procedemento, así como acreditar que foi realizada a información e formación dos traballadores, ou ben que se está realizando.

3.- No caso de que a empresa contratista subcontrate todos ou parte dos traballos con outras empresas, estas deberán de achegarlle a documentación esixida ó contratista principal, e este será responsable en caso de non levalos a cabo.

4.- En todo caso o Concello, en calquera momento durante o prazo de vixencia do contrato, poderá solicitar da empresa contratista ou subcontratista os requisitos legalmente establecidos na lexislación de prevención de riscos laborais.

5.- No caso de non achegar a dita documentación, non poderá realizarse a contratación. E no mantemento de tales requisitos durante o prazo de vixencia do contrato dará lugar á súa rescisión sen que iso xere ningún tipo de indemnización a favor da empresa.

O incumprimento destas obrigas por parte do contratista ou a infracción das disposicións sobre seguridade por parte do persoal técnico designado por el non implicará responsabilidade ningunha para a Administración contratante.

- O contratista está obrigado a manter vixente, durante a vixencia do contrato, unha póliza de seguros que cubra a súa responsabilidade civil.

VIXÉSIMO PRIMEIRA. RESPONSABILIDADE DO ADXUDICATARIO E OBRIGAS ESPECIAIS

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.

MLA/rdi

Refº: DECRETO APROBACION SOFTWARE CONEXIÓN ERP á DXT 10 FEESL13

Asunto:

O adxudicatario asumirá a total responsabilidade da execución do contrato fronte ó Excmo. Concello de Lugo, axustándose estrictamente ó presente prego, ó prego de condicións técnicas e demais aspectos contractuais, así como o previsto no LCSP e calquera outra normativa aplicable.

O persoal propio da empresa adxudicataria non terá vinculación laboral, administrativa nin de calquera outra modalidade co Excmo. Concello de Lugo.

Para os efectos da responsabilidade que puidese derivarse para o adxudicatario por danos fronte a terceiros, por causa imputable á empresa ou a calquera dos seus elementos adscritos ó contrato, presentarase, previamente á formalización do contrato administrativo, seguro de responsabilidade civil para a cobertura dos riscos que puidesen derivarse da relación contractual co Excmo. Concello de Lugo.

Malia o anterior, o contratista non será responsable dos danos e perdas ocasionados cando sexan consecuencia dunha orde directa da Administración.

VIXÉSIMO SEGUNDA. PAGAMENTO.

O pagamento efectuarase contra factura, unha vez asinada a acta de recepción da subministración e realizada a totalidade do obxecto do contrato, e conformadas polo responsable do contrato, a Concelleira Delegada da área de servizos xerais así como polo Concelleiro Delegado da área de economía, emprego e zona rural.

VIXÉSIMO TERCEIRA. EXTINCIÓN DO CONTRATO.

Ademais de polo seu cumprimento, o contrato poderá extinguirse polas causas previstas nos artigos 206 e 284 da LCSP, así como polo incumprimento por parte do adxudicatario das obrigas sinaladas nas condicións técnicas deste contrato.

A Administración estará facultada para proceder á resolución do contrato polas causas sinaladas no parágrafo anterior e cos efectos previstos nos artigos 207, 208 e 275 da LCSP.

En particular considerarase causa de resolución do contrato o suposto de incumprimento da condición de execución establecida na cláusula décimo sétima no seu apartado a).

Para os efectos de resolución do contrato incoarase un procedemento contraditorio no que se lle outorgue audiencia ó contratista para os efectos de formulación de alegacións e presentación de cantos documentos estime conveniente en defensa dos seus dereitos.

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.

MLA/rdi

Refº: DECRETO APROBACION SOFTWARE CONEXIÓN ERP á DXT 10 FEESL13

Asunto:

A N E X O**DATOS:**

EMPRESA:			
ENDEREZO:			
LOCALIDADE:		PROVINCIA:	
PERSOA DE CONTACTO:			
TELÉFONO:		FAX.:	

MODALIDADE DE ACTIVIDADE PREVENTIVA

1º <input type="checkbox"/> CONCERTO CON SERVICIO DE PREVENCIÓN ALLEO OU MUTUA			
NOME:			
ENDEREZO:			
LOCALIDADE:		PROVINCIA:	
PERSOA DE CONTACTO:			
TELÉFONO:		FAX:	
ESPECIALIDADES CONTRATADAS:			
PERÍODO DE VIXENCIA DO CONCERTO:			

*** XUNTAR O CERTIFICADO DE QUE REALIZOUSE A AVALIACIÓN E O PLAN DE ACCIÓN ASÍ COMO A INFORMACIÓN E FORMACIÓN DOS TRABALLADORES.**

2º COMO MEMBRO DO SERVICIO MANCOMUNADO

*** Xuntar a acta de Constitución.**

3º TRABALLADOR DESIGNADO

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.

MLA/rdi

Refº: DECRETO APROBACION SOFTWARE CONEXIÓN ERP á DXT 10 FEESL13

Asunto:

Nome e Apellidos:

Cargo:

NOME EMPRESARIO:

SELO DA EMPRESA

D.N.I.:

FIRMA:

DATA:

TERCEIRO.- Aprobar o gasto de 200.000 euros con cargo á partida 49100.62300 do vixente Orzamento xeral

CUARTO.- Publicar o anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo así como no perfil do contratante do Concello de Lugo.

Cúmprase.